

6.3.-REGULAMENTO PARA A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES VECIÑAIS NO CONSELLO DE RELACIÓNS VECIÑAIS

APROBADO POR ACORDO PLENARIO DE 26 DE XULLO DE 2001.

PUBLICADO NO BOP DE A CORUÑA O 21 DE AGOSTO DE 2001.

TÍTULO I.DOS REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS AAVV PARA PARTICIPAREN NO PROCESO ELECTORAL.

Artigo 1. Terán dereito de sufraxio as entidades veciñais legalmente constituídas e debidamente rexistradas no Rexistro municipal de asociacións.

Artigo 2. Para poderen participar no proceso electoral, as asociacións veciñais deberán cumprir cos preceptos legais establecidos na Lei xeral de asociacións e no Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago. As entidades veciñais atenderán con especial observancia os seguintes principios:

- As asociacións deben cumprir escrupulosamente con aquelas normas que se referen ao funcionamento democrático das mesmas, nomeadamente a celebración das Asembleas xerais anuais preceptivas e a elección democrática das Xuntas Directivas e do seu Presidente ou Presidenta, a maiores de outras disposicións de funcionamento democrático que poidan conter os estatutos de cada asociación.
- As asociacións veciñais, do mesmo xeito que o resto das asociacións, están obrigadas a manter os seus datos ao día no Rexistro municipal de asociacións, notificando cantas modificacións se produzan no prazo máximo dun mes. As asociacións enviarán a certificación literal dos acordos que figuren nas actas das reunións das Asembleas en que se efectuaron os nomeamentos e nas que consten os nomes das persoas que ocupan os cargos directivos. Así mesmo deberán aportar certificación do número de socios ao corrente no pago das cotas. Para poder participar no proceso electoral, as asociacións veciñais deberán contar cun mínimo de 50 socios.
- O orzamento anual, o balanço económico do exercicio anterior e o programa anual de actividades deberán ser comunicados pola asociación a través do Rexistro municipal durante o primeiro trimestre de cada ano. O incumprimento de calquera das anteriores obrigas dará lugar a que o Concello poida dar de baixa a unha asociación no Rexistro e, por ende, a perder esta o seu dereito a participar no proceso de elección de representantes. No caso de que unha AVV non demostre actividade durante o período de un ano natural perderá, entre outros dereitos, o de elixir representantes no Consello de relacións veciñais.

TÍTULO II.DA VOTACIÓN DIFERENCIADA ENTRE ASOCIACIÓNS DO ÁMBITO URBANO RURAL.

Artigo 3

3.1. Dada a necesidade de garantir a representatividade das dúas realidades diferenciadas existentes no Concello de Santiago, a rural e a urbana, con problemáticas tamén diferentes, establécense dous ámbitos de representación.

3.2. Dentro do mesmo proceso electoral, e no mesmo día de votación, mais en dúas urnas diferentes, as asociacións veciñais cuxo ámbito de actuación se sitúe dentro dos límites urbanísticos do casco urbano elixirán catro representantes e, por outro lado, as que teñan o seu ámbito de actuación fóra do casco urbano, elixirán dous.

3.3. As asociacións veciñais cuxa zona de influencia participe dos dous ámbitos, rural e urbano, deberán adscribirse a un ou a outro a efectos de elección de representantes, no prazo que se determine na convocatoria do proceso electoral.

TÍTULO III. DO PROCESO ELECTORAL.

Artigo 4

4.1. A convocatoria realizarase por Decreto da Alcaldía en el sinalarase o calendario do proceso electoral, así como a data e o lugar de celebración das eleccións.

4.2. En evitación de interferencias entre os procesos electorais, as eleccións a representantes veciñais situaranse próximas ao medio da lexislatura política.

Artigo 5

5.1. O censo de entidades votantes estará formado polas asociacións veciñais inscritas ata a data da convocatoria das eleccións que cumpran os requisitos indicados nos artigos 1 e 2.

5.2. O Secretario do Concello, dous meses antes da votación, elaborará o censo das asociacións que poderán exercer o seu dereito ao voto. Unha vez feito público, establecerase o período de reclamación de dez días hábiles. Finalizado este, e atendidas as reclamacións a que houber lugar, farase público o censo definitivo para o proceso de elección.

Artigo 6

6.1. Son elixíbeis os/as representantes designados/as polas asociacións veciñais que cumpran os requisitos indicados nos artigos 1 e 2

6.2. No prazo de 15 días, contados desde a publicación do censo definitivo, presentaranse as candidatas e os candidatos designados polas asociacións veciñais.

6.3. As candidaturas poderán ser presentadas de maneira conxunta ou individual.

6.4. O escrito de presentación deberá expresar claramente a denominación da entidade, así como o nome e apelidos da(s) candidata(s) e candidato(s) incluídos nela.

6.5. Ao escrito de presentación xuntarase a declaración de aceptación da candidatura e a certificación do acordo de designación da Asemblea da súa asociación.

6.6. A lista de candidatos e candidatas será exposta nos taboleiros oficiais do Concello e das asociacións

veciñais, como mínimo, 15 días antes da data sinalada para a votación.

Artigo 7

7.1. No día da votación procederase á constitución da mesa electoral, que estará formada polo Presidente, que será o Alcalde ou persoa en quen delegue, dous vocais, que serán designados mediante sorteo público entre as asociacións veciñais incluídas no censo, e un Secretario que será o da Corporación ou persoa en quen delegue. No sorteo antedito elixiranse tamén dous vocais suplentes.

7.2. Da constitución da mesa electoral estenderase a correspondente acta e iníciase a votación á hora prevista no Decreto de convocatoria.

7.3. As entidades veciñais que sexan designadas como membros da mesa electoral comunicarán, no prazo de dez días a partir do sorteo, o nome e apelidos da persoa da Xunta Directiva designada para representar á asociación.

7. 4. As votacións efectuaranse na Casa do Concello.

7. 5. A mesa contará con dúas urnas, unha para as entidades veciñais do ámbito urbano e outra para as do rural, e disporá de papeletas suficientes e axustadas ao modelo oficial.

Artigo 8. O dereito a votar acreditarase pola inscrición nos exemplares certificados das listas do Censo. Ostentará o dereito material ao voto polas entidades censadas, o/a Presidente/a ou persoa da asociación en quen delegue, para o que -e aos efectos da súa correcta identificación- deberá aportar o carné, o pasaporte ou o permiso de conducir, e a certificación acreditativa da representación que ostente expedida a tal efecto.

Artigo 9

9.1. Cada representante veciñal poderá votar a un máximo de tres ou de un candidatos e candidatas, respectivamente, segundo sexa a votación para a elección dos representantes do contorno urbano ou do rural. No caso de que o número de candidatos ou candidatas marcados na papeleta supere o indicado, esta será declarada nula.

9.2. Así mesmo, serán considerados votos nulos e brancos aqueles que así son considerados no art. 96 da Lei Electoral.

Artigo 10

10.1. Concluída a votación efectuarase o recuento dos votos emitidos.

10.2. A Mesa fará públicos os resultados inmediatamente e procederá á proclamación provisional dos candidatos e candidatas elixidos.

Artigo 11

11.1. Concederase un prazo de cinco días hábiles para a presentación de reclamacións.

11.2. A Mesa resolverá no prazo de cinco días hábiles as reclamacións presentadas e procederá á proclamación definitiva dos candidatos e candidatas elixidos.

TÍTULO IV.DO PERÍODO DE EXERCICIO DOS REPRESENTANTES VECIÑAIS.

Artigo 12

12.1. A duración do mandato será de catro anos.

12.2. Unha vez acabado o período do seu mandato, os/as representantes veciñais no Consello de Relacións Veciñais continuarán en funcións ata a toma de posesión dos novos representantes.

TÍTULO V.DA PERDA DA CONDICIÓN DE REPRESENTANTE VECIÑAL.

Artigo 13

13.1. As/os representantes veciñais do Consello de Relacións Veciñais serano entremetres ostentaren a condición de representantes da asociación que os designou. A asociación a que pertence un conselleiro ou conselleira poderá solicitar a súa substitución mediante escrito razoado en que se faga constar o preceptivo acordo da Asemblea da entidade.

13.2. A falta dun conselleiro ou conselleira sen causa xustificada a tres reunións continuadas do Consello de Relacións Veciñais, ás que previamente fose convocado/a, conlevará a perda da súa condición de representante, sendo substituído polo candidato ou candidata que tivese conseguido un número de votos inmediatamente inferior nas eleccións efectuadas no seu momento. No suposto de non existir ningunha asociación que cumprise o requisito de ser votada e non ter elixido o seu representante, procederase a convocar eleccións para cubrir a vacante producida.

13.3. O incumprimento das funcións propias dos conselleiros e conselleiras implicará un apercibimento escrito, por parte do Presidente e, no caso de non ser atendido polo interesado ou interesada, seguirase o procedemento establecido no punto 2 deste artigo.

13.4. Se a entidade veciñal á que pertence un conselleiro ou conselleira fose dada de baixa no Rexistro municipal de asociacións, o/a representante perderá a súa condición de compoñente do Consello de relacións veciñais, procedéndose á súa substitución polo candidato ou candidata que obtivese un número de votos inmediatamente inferior nas eleccións a representantes veciñais."